

4 ANOS

QUINTA SEMANA! A POR ELA!

ESTA SEMANA IMOS VARIAR UN POUQUIÑO A DINAMICA: PROPOÑOVOS FACER DIFERENTES OBRADOIROS. QUE VOS PARECE?

***ACONSELLOVOS** LER AS ACTIVIDADES AO COMEZO DA SEMANA XA QUE, NALGUNS CASOS, SE QUEREDES PREPARAR ALGUN MATERIAL (DE REFUGALLO, XEO...), E NECESARIO FACELO CON ANTELACION.

***ANTES DE COMEZAR, RECORDARVOS QUE E MOI IMPORTANTE ANIMAR AO NENO/A A EXPERIMENTAR CO MATERIAL (TOCANDO, DOBLANDO, AXITANDO, COLLENDO EN PESO...) E, DEIXARLLE QUE PROPOÑA EL/A MESMO/A COMO FACER AS ACTIVIDADES; LEMBRANDO SEMPRE QUE O IMPORTANTE NON E O RESULTADO, SENON O PROCESO.**


LUNS, 11 DE MAIO

1º RUTINAS


2º OBRADOIRO Nº1

A IDEA DESTE OBRADOIRO E EMPREGAR DIVERSAS TECNICAS PLASTICAS. A CONTINUACION, PROPOÑO IDEAS (ALGUNHAS DE WWW.ACTIVIDADESINFANTIL.COM). INVITOVOS A ELIXIR A/S QUE MAIS VOS GUSTA/N (CADA UN/UNHA O/S QUE PODA E QUEIRA) E, CONVIDOVOS A VARIALAS EN FUNCION DO MATERIAL DO QUE DISPOÑADES.

- **ACTIVIDADE 1. COLOCAR OBXECTOS PLANOS (FOLLAS, FLORES, MOEDAS...) DEBAIXO DUN FOLIO E, FROTAR SOBRE ELES CON CERAS. ASI OBTEMOS A IMPRESION DE CADA UN DELES.**
- **ACTIVIDADE 2. PINTAR UN FOLIO CON DIVERSAS CORES (DISTINTAS DO NEGRO). DESPOIS, PINTAR CON NEGRO POR ENRIBA E, RAIAR CUN ESCARVADENTES (POR EXEMPLO) UNHA FIGURA QUE VOS GUSTE. ASI VERANSE AS CORES QUE PINTASTES PRIMEIRO.**
- **ACTIVIDADE 3. POÑO UN EXEMPLO A PARTIR DO ARCO DA VELLA:**
 - **PRIMEIRO: COLLER UN FOLIO EN BRANCO, UNIR PUNTA CON PUNTA E, DOBLALO A METADE**



- **SEGUNDO: PINTAR CON TEMPERAS O ARCO DA VELLA PERO SO NO LADO ESQUERDO DO FOLIO**




- **TERCEIRO: DOBLAR POLA METADE**

- **CUARTO: DESDOBLAR POLA METADE PARA VER O RESULTADO!**

- **ACTIVIDADE 4: MOLLAR OBXECTOS DE REFUGALLO (CORCHOS, BOLAS DE PAPEL, TAPAS...) EN PINTURA E PLASMAR NUN FOLIO PARA VER AS PEGADAS QUE DEIXAN, EMPREGANDO O MESMO PROCESO QUE PARA ESTAMPAR UN SELO.**
- **ACTIVIDADE 5: FACER UN DEBUXO E, CUBRILO CON PAPEIS DE DIFERENTES CORES (SEN QUE SUPERPOÑAN UNS CON OUTROS) A MODO DE MOSAICO.**
- **ACTIVIDADE 6: CUBRIR UN GLOBO CON TROCIÑOS DE PAPEL DE XORNAIS E COLA. DESPOIS, PEGAR AS E PETEIRO PARA FACER UN PAXARO OU ALETAS E BOCA PARA FACER UN PEIXE. FINALMENTE, DECORAR A GUSTO DE CADA UN/UNHA.**

***SE O PRECISADES, NA PAXINA WEB DA BIBLIOTECA HAI UNHA IDEA SINXELA PARA FACER PEGAMENTO.**



MARTES, 12 DE MAIO


1º RUTINAS

2º OBRADOIRO Nº2


A IDEA DESTE OBRADOIRO E COÑECER ALGUNS DOS XOGOS TRADICIONAIS DE GALICIA (ADAPTADOS). A CONTINUACION, PROPOÑO ALGUNS (VARIOS DE WWW.PROXECTOTERRA.COAG.ES). **INVITOVOS A ELIXIR O/S QUE MAIS VOS GUSTA/N (CADA UN/UNHA O/S QUE PODA E QUEIRA) E, CONVIDOVOS A ENGADIR OU QUITAR ALGUNS EN FUNCION DO MATERIAL DO QUE DISPOÑADES.**

SE QUEREDES, PODEDES FACELOS EN FAMILIA!

- **A MARIOLA: LANZAR UNHA PEDRA AO 1. SALTAR A PATA COXA OU CUN PE EN CADA CADRO SEGUNDO CORRESPONDA, SEN PISAR A CASA ONDE ESTA A PEDRA, IDA E VOLTA, RECOLLENDO A PEDRA AO VOLVER. DESPOIS, LANZAMOS A PEDRA AO 2 E, FACEMOS O MESMO. ASI, ATA O 9.**



- **A ZOADEIRA: PASAR UN FIO POLOS BURATOS DO BOTON/DISCO DE CARTON, IGUAL CA NO DEBUXO E, XIRAR SEGUINDO A DIRECCION DAS FLECHAS. DESPOIS, SEGUIR SUXEITANDO PARA OBSERVAR COMO SE DESFAI O ENROLADO.**



- **O XOGO DA RA: LANZAR “DISCOS” A UNHA ESTRUTURA SIMILAR A BOCA ABERTA DUNHA RA. PODENSE FACER DIFERENTES BOCAS (SE QUEREDES, CON PAPEL PEGADAS NUNHA MESA) PARA SUMAR EN CADA UNHA MAIS OU MENOS PUNTOS. POR EXEMPLO: NA GRANDE 1, NA MEDIANA 2 E, NA PEQUENA 3.**
- **A PITA CEGA: TAPAR OS OLLOS E, EMPREGAR O TACTO PARA DESCUBRIR DIFERENTES OBXECTOS/PERSOAS. PODESE FACER CON PELUCHES, CON XOGUETES, CON FAMILIARES...**
- **CARREIRAS CON CULLERES: COLOCAR UNHA PELOTA NUNHA CULLER. DESPOIS, SUXEITAR A CULLER COA MAN E, TENTAR INTRODUCIR A PELOTA NUN VASO COLOCADO A CERTA DISTANCIA SEN QUE NOS CAIA. ASI, AS VECES QUE O DESEXEDES.**
- **OS BOLOS: LANZAR UNHA PELOTA POLO CHAN PARA TIRAR O MAIOR NUMERO DE BOLOS POSIBLES (OS BOLOS PODEN SER BOTELLAS DE PLASTICO BALEIRAS).**

**NA MARIOLA,
QUE
NUMERO
ESTA MAIS
PRETO TUA?
E CAL MAIS
LONXE?**

**A
ZOADEIRA
XIRA
RAPIDO OU
LENTO?**

**CANTOS PUNTOS
CONSEGUICHES
NO XOGO DA RA?**

**NA PITA CEGA
QUE OBXECTOS
ATOPACHES
DIANTE TUA? E
DETRAS?**

**ESCRIBE
O NOME
DO TEU
XOGO
FAVORITO**

**SE
COMPARAMOS
UN BOLO
CUNHA
PELOTA...
QUE E MAIS
ANCHO?
E MAIS
ESTREITO?**

MERCORES, 13 DE MAIO

1º RUTINAS

2º SORPRESA, SORPRESIÑA!

ESTA SEMANA, PROPOÑEMOSVOS A TODOLOS NEN@S DE INFANTIL UNHA ACTIVIDADE FEITA CON MOITO AGARIMO. ESPERAMOS QUE VOS GUSTE!

PARA SABER EN QUE CONSISTE SO TEDES QUE PREMER NO DOCUMENTO QUE O EXPLICA.

(*) O CONTO: A QUE SABE A LUA?- MICHAEL GREJNIEC (TRADUCIDO POR CARMEN BARREIRO) - EDITORIAL KALANDRAKA.

XOVES, 14 DE MAIO

1º RUTINAS

2º OBRADOIRO Nº3

A IDEA DESTE OBRADOIRO E EXPERIMENTAR COA AUGA.

A CONTINUACION, PROPOÑO DIVERSAS IDEAS. INVITOVOS A ELIXIR A/S QUE MAIS VOS GUSTA/N (CADA UN/UNHA O QUE PODA E QUEIRA) E, CONVIDOVOS A VARIALAS EN FUNCION DO MATERIAL DO QUE DISPOÑADES.

- **INSPIRANDONOS EN CHEMA MADOZ, PODEMOS:**
 - **FACER CONSTRUCIONS CON CUBIÑOS DE XEO (PODEN LEVAR COUSAS DENTRO: FLORES, POMPONS...) E, VER COMO VARIAN A MEDIDA QUE SE VAI DERRETENDO**
 - **DEBUXAR CON GOTAS DE AUGA**
 - **VER AS FORMAS QUE FAN AS PINGAS DE AUGA AO CAER NUN CUBO DE AUGA**
 - **EXPERIMENTAR COMO PARECE VARIAR A FORMA DUN OBXECTO SE O METEMOS EN AUGA (EXEMPLO: UNHA CULLER NUN VASO)**

- **ADEMAIS, PODEMOS (ALGUNHAS DE WWW.MONTESSORIMAMI.COM):**
 - **PESCAR OBXECTOS DUN CUBO DE AUGA**
 - **DESCUBRIR QUE OBXECTOS FLOTAN E CALES NON**
 - **PASAR AUGA DUN RECIPIENTE A OUTRO: CUNHA ESPONXA, POR EXEMPLO**
 - **EXPERIMENTAR COMO SAE A AUGA EMPREGANDO DIFERENTES OBXECTOS (EXEMPLO: UN BOTE CON POCOS FURADOS, UNHA REGADEIRA, UNHA BOTELLA SEN TAPON...).**
 - **FACER BOTES DA CALMA: NUNHA BOTELLA, METER DIFERENTES OBXECTOS (PURPURINA, TROCIÑOS DE PLASTICO, CASCARAS...) E, EXPERIMENTAR MOVENDO A DUN LADO A OUTRO, AXITANDO...**
 - **POÑER AUGA A FERVER PARA VER COMO SE EVAPORA / FACER XEO PARA VER COMO SE CONXELA**

IMPORTANTE: ACONSELLOVOS DARLLE UN SEGUNDO USO A AUGA EMPREGADA. COMO BEN SABEDES, E UN RECURSO QUE NOS OFRECE O NOSO PLANETA E NON DEBEMOS MALGASTALA NUNCA.



VENRES, 15 DE MAIO

1º RUTINAS

2º OBRADOIRO Nº4

A IDEA DESTE OBRADOIRO E FACER UNHA MAQUETA DA NOSA AULA.

A CONTINUACION, PROPOÑO DIVERSAS IDEAS. ANIMOVOS A INVENTAR OUTRAS OU A VARIALAS EN FUNCION DO MATERIAL DO QUE DISPOÑADES (CADA UN/UNHA COMO PODA E QUEIRA**).**

- **AULA: CAIXA DE CARTON**
- **MESAS: CUNHA TAPA DUN BOTE E, PALLIÑAS A MODO DE PATAS**
- **VENTAS: CON PAPEL CELOFAN**
- **MOBLES: CON CAIXAS PEQUENAS**
- **XOGUETES: CON PLASTILINA**
- **PANEIS: CON ADHESIVOS**



GUSTARONVOS? AGARDO AS VOSAS MENSAXES!

FINALMENTE, ADXUNTO O ENLACE DA BIBLIOTECA PARA QUE SIGADES INVESTIGANDO. CONVIDOVOS A VER ESPECIALMENTE AS COUSIÑAS RELACIONADAS CO DIA DE EUROPA (CELEBRADO O 9 DE MAIO):

<http://lectorinvaladouro.blogspot.com>